

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE CULLEREDO**

ANUNCIO da convocatoria e das bases reguladoras para a provisión en propiedade de catro (4) prazas de técnica/o de administración, da escala da Administración xeral, subescala técnica-xestión, grupo de titulación A2, funcionario de carreira, polas quendas de promoción interna e promoción interna-reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso-oposición.

No *Boletín Oficial* da provincia número 195, do 11 de outubro de 2023, publicáronse integramente as bases da convocatoria para a provisión en propiedade de catro (4) prazas de técnica/o de administración, da escala da Administración xeral, subescala técnica-xestión, grupo de titulación A2, funcionario de carreira, polas quendas de promoción interna e promoción interna-reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso-oposición no Concello de Culleredo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 31 de xullo de 2023.

O prazo para a presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia, no taboleiro de anuncios e/ou na páxina web do Concello (www.culleredo.es) cando así o establezan as bases da convocatoria.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Culleredo, 15 de marzo de 2024

O alcalde

P.D. (Resolución núm.1260/2023, do 4.7.2023;

BOP núm. 131, do 11 de xullo)

Marta María Figueroa Fuentes

Concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

